



Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias

Traballo de
fin de grao

Economía da pesca e
acuicultura III: O
furtivismo, estudo de
caso na confraría de
pescadores de Noia.

Natalia Tuñas Suárez

Xuño 2017

Resumo

O obxecto primordial deste traballo de fin de grao é estudar o furtivismo marisqueiro na vila de Noia. Para iso, tentouse profundar na relación das mariscadoras coa súa profesión, buscando a súa opinión e tentando sempre responder a varias preguntas de investigación, tales como, se as mariscadoras eran quen de identificar aos distintos tipos de furtivos e se esta diferenciación podía acarear unha diferente tolerancia para elas.

Para levar a cabo esta tarefa, non soamente se consultaron fontes bibliográficas existentes, se non que se realizou un estudo de campo, a pé de praia, entre os meses de Febreiro e Marzo do ano 2017. Realizando un total de 95 enquisas entre as mariscadoras a pé desta confraría, obtendo información tanto cuantitativa como cualitativa que nos deu a posibilidade de responder os nosos intereses.

Número total de palabras do traballo: 8.864

Agradecementos

Para realizar este traballo, contouse coa colaboración de moitas persoas e con estas liñas gustaríame agradecerllo a cada unha delas.

Primeiramente, gustaríame agradecerlle especialmente ao profesor Hugo Balleteros, pola súa colaboración neste traballo, o apoio prestado e a información recibida durante todos estes meses que durou a investigación.

As mariscadoras de Noia, pola súa amabilidade, e sobre todo, a aquelas que incitaban as súas compañeiras en que me axudaran e responderan as enquisas.

Finalmente, a bióloga da confraría, pola información aportada neste traballo e a meus pais, por apoiarme, animarme e darme os medios para finalizar esta etapa.

Índice

| | |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| Resumo | 2 |
| Agradecementos | 3 |
| Índice | 4 |
| Índice de táboas, gráficos ou figuras. | 5 |
| Planificación | 7 |
| Introdución. | 9 |
| 1 Xustificación do tema elixido..... | 9 |
| 2 Problemas aos que se busca dar resposta. | 10 |
| 3 Obxectivos iniciais do traballo..... | 10 |
| 4 Avance da estrutura do traballo..... | 11 |
| Desenvolvemento do traballo | 13 |
| 5 Estado da cuestión..... | 13 |
| 5.1 Importancia do marisqueo en Noia. | 13 |
| 5.1.1 Sobre a produción de Berberecho. | 18 |
| 5.1.2 Sobre o emprego e os PERMEX na confraría de Noia. | 19 |
| 5.2 Problemas do furtivismo en Galicia. | 20 |
| 6 Metodoloxía | 23 |
| 7 Resultados | 25 |
| 7.1 O recoñecemento das Mariscadoras. | 25 |
| 7.2 Identificación e tolerancia das mariscadoras cara os distintos tipos de furtivos. | 27 |
| Conclusións | 37 |
| Bibliografía | 39 |
| Anexos | 41 |

Índice de táboas, gráficos ou figuras.

| Táboas | | |
|---------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Número | Título | Páxina |
| 1 | Principais especies comercializadas na Confraría de Pescadores de Noia, nome científico e tallas mínimas esixidas pola normativa estatal para a súa comercialización. | 13 |
| 2 | Evolución das vendas en KG das principais especies entre os anos 2012-2016 da confraría de pescadores de Noia. | 14 |
| 3 | Porcentaxe de representación do berberecho na confraría. | 18 |
| 4 | Tipos de furtivos ordenados de menor a maior aceptación. | 28 |

| Imaxes | | |
|---------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Número | Título | Páxina |
| 1 | Bancos de extracción do marisco, tanto a pé como a flote, explotados pola confraría de pescadores de Noia | 15 |

| Gráficos | | |
|-----------------|-----------------------------------------------------------------------|---------------|
| Número | Título | Páxina |
| 1 | Cifra de vendas da confraría de Noia entre os anos 2010-2016. | 16 |
| 2 | Ingresos e Producción Confraría de Noia. | 17 |
| 3 | Relación entre Producción e Prezo na Confraría de pescadores de Noia. | 17 |
| 4 | Distribución PERMEX en NOIA 2011-2016, permisos de explotación a | 20, 27 |

| Gráficos | | |
|-----------------|--------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Número | Título | Páxina |
| | pé para recursos específicos. | |
| 5 | Orgullo de ser mariscadora e identificación coa agrupación. | 26 |
| 6 | Grao de tolerancia cara a venda autónoma das mariscadoras. | 29 |
| 7 | Grao de tolerancia cara profesionais da vila. | 30 |
| 8 | Grao de tolerancia cara furtivos organizados. | 30 |
| 9 | Grao de tolerancia cara turistas. | 31 |
| 10 | Grado de tolerancia cara mariscadoras doutras vilas. | 31, 36 |
| 11 | Grao de tolerancia cara familias organizadas. | 31 |
| 12 | Grao de tolerancia cara desempregados. | 32 |
| 13 | Grao de tolerancia cara alguén da comunidade que leve para arroz. | 32, 33 |
| 14 | Grao de tolerancia cara autoconsumo das mariscadoras. | 33 |
| 15 | Grao de tolerancia cara outro membro da confraría. | 34 |
| 16 | Grao de tolerancia cara persoas toxicómanas. | 35 |
| 17 | Aceptación dos comunitarios. | 36 |

Planificación

| Setembro 2016 | | | | | | |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 12 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |
| | | | | | | |

| Outubro 2016 | | | | | | |
|--------------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | | | |

| Novembro 2016 | | | | | | |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | R | S |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | | | | |

| Decembro 2016 | | | | | | |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | |

| Xaneiro 2017 | | | | | | |
|--------------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | | | | | | |

| Febreiro 2017 | | | | | | |
|---------------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | | | | | |
| | | | | | | |

| Marzo 2017 | | | | | | |
|------------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |
| | | | | | | |

| Abril 2017 | | | | | | |
|------------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| | | | | | | |

| Maio 2017 | | | | | | |
|-----------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

| Xuño 2017 | | | | | | |
|-----------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D |
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |

| | |
|--|--------------------------------------------------|
| | Asignación oficial do traballo de titor. |
| | Reunión presencial co titor. |
| | Reunións mediante videochamadas. |
| | Elaboración enquisa. |
| | Período estudo de campo (enquisas). |
| | Tratamento de datos e redacción traballo. |
| | Data límite de entrega convocatoria Xuño. |

Introdución.

1 Xustificación do tema elixido.

O furtivo da pesca é todo aquel que realiza extraccións de froitos do mar, infrinxindo a normativa vixente (González Vidal, 1989). Esta figura está presente en todas as vilas onde o marisqueo é unha importante fonte de ingresos e, ademais, constitúe a súa principal ameaza (Ballesteros et al., 2017; González Arias et al., 2011; Sequeiros, 1995).

Noia é unha pequena vila marisqueira que no ano 2016 contaba con 14.337 habitantes e que durante ese mesmo ano, a actividade do marisqueo representou a nivel local o 5% do PIB e dou traballo ao 10% da poboación, segundo cifras aportadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE, 2017a). Isto deixa en manifesto que o marisqueo é unha actividade económica importante e que, polo tanto, o furtivismo representa unha ameaza para o marisqueo e a vila.

En Galicia, case todos os días se realizan operativos para combater o furtivismo, tanto por parte das forzas do estado como polas propias confrarías, que, diariamente, protexen os seus bancos. Esta persecución diaria non consegue pórle fin á problemática do furtivo e a miúdo aparecen novos casos de furtivismo, sendo común que saian noticias sobre este tema nos principais periódicos e telexornais galegos. Algúns titulares afirman que o furtivismo é unha actividade que se practica en Galicia todos os días e a pesares dos esforzos en vixilancia, os furtivos continúan sendo abundantes (Romero, 2015). Isto tamén acontece de forma particular en Noia, onde algunhas publicacións afirman que todos os anos existen diversas accións de furtivismo e que en épocas de crise aumentan (Gil, 2009, 2013). Ante esa situación, é común encontrar noticias sobre a labor e cantidade de operacións levadas a cabo polo SEPRONA e a Garda Civil nesta zona, como é o caso da “operación Vipe” (A Opinión da Coruña, 2015).

Por mor de tratarse dun tema de actualidade e interese para esta vila, e dado que os efectos socioeconómicos do furtivismo poden ser importantes, decidimos realizar este estudo de caso.

2 Problemas aos que se busca dar resposta.

Dado que o furtivismo marisqueiro é un dos principais problemas do marisqueo en Noia preténdese:

- Entender o fenómeno dunha maneira xeral na confraría de Noia.
- Avanzar na comprensión da tolerancia de certas actividades furtivas dentro da agrupación de marcadores de Noia.

3 Obxectivos iniciais do traballo.

O obxectivo académico deste TFG foi o de realizar un traballo de investigación en Economía Aplicada.

O que se pretende con este estudo é, por unha banda, coñecer a percepción das mariscadoras sobre a súa profesión. Estudarse como actividade profesional, o marisqueo, xa non é parente pobre da pesca, pouco valorado e recoñecido polo sociedade e totalmente feminizado, agás en épocas de crise, onde serve de refuxio para as economías domésticas (Marugán-Pintos, 2012) e pasou a converterse nun traballo recoñecido polo sociedade do que as propias mariscadoras se senten orgullosas.

Por outra banda, preténdese contrastar as seguintes dúas hipóteses:

- H1: As mariscadoras de Noia son capaces de identificar entre os distintos tipos de furtivos. Queremos probar esta hipótese porque a literatura indica que hai distintos tipos de furtivos. Pensamos que as mariscadoras son capaces de tipificar e clasificar aos furtivos, para elas non todo o furtivo é semellante.
- H2: Dependendo dos furtivos identificados polas mariscadoras. Estas poden ser tolerantes con algunhas prácticas furtivas.

A xestión dos recursos marisqueiros en Galicia depende dun réxime de co-xestión dos recursos entre a Xunta de Galicia e as distintas confrarías de pescadores. Isto dálle unha certa autonomía as confrarías para poder regular a actividade e vixiar os seus bancos. Un exemplo da co-xestión é que as confrarías involucran as mariscadoras na vixilancia do seu lugar de traballo e, ademais, contratan vixiantes para completar as labores de vixilancia e protexer os seus intereses. Esa co-xestión ven definida na Lei de Pesca de Galicia do 2008 (Lei Pesca de Galicia, 2008) onde se establece tamén a

clasificación das zonas de marisqueo e a obrigación dunha licenza para o marisqueo.

Esta autonomía pode provocar que sendo as propias mariscadoras quen vixían os bancos, estas toleren de diferente maneira aos furtivos que atopan, debido a que, en moitos casos, as persoas que están a practicar o furtivismo son persoas da súa propia vila, próximas a elas, das que elas coñecen a súa situación. É dicir, polo réxime de co-xestión, que as mariscadoras recoñezan diferentes tipos de furtivos, e que reaccionen con tolerancia ante eles terá efectos na xestión do furtivismo.

Procurando este obxectivo neste traballo completáronse varias fases:

- A primeira foi a revisión da literatura sobre marisqueo e furtivismo. Consultáronse fontes de información secundaria: libros, artigos e informes sobre o tema. Tamén se usaron bases de datos do Instituto Galego de Estatística e da Plataforma da Pesca da Xunta de Galicia, Pesca De Galicia, etc.
- A segunda fase foi estipular os obxectivos e hipóteses da investigación.
- A terceira foi o deseño do traballo de campo.
- A cuarta foi a recompilación da información e realización de enquisas. Esta parte do traballo motivou a facer 95 enquisas nas praias da Confraría de Noia.
- A quinta fase foi o tratamento da información.
- A sexta fase incluíu a presentación e interpretación da información conseguida. Nesta fase testáronse as hipóteses de partida.

4 Avance da estrutura do traballo

Ademais desta introdución, neste traballo contaremos tamén con catro apartados máis:

- **Desenvolvemento do traballo:** Neste apartado trátanse varios puntos. O primeiro deles é o estado da cuestión, onde falaremos da importancia do marisqueo para a vila de Noia e os problemas do furtivismo en Galicia. Ademais estará a metodoloxía, onde se informará das técnicas empregadas para a consecución deste traballo e finalmente aparecerá o apartado de resultados, onde expoñeremos resultados que puidemos sacar.
- **Conclusión:** Aquí están expostas as decisións que son froito dos datos aportados durante traballo.

- Anexos: Aparecen os documentos empregados para a realización do traballo, tales como a enquisa.
- Bibliografía: Este apartado, está presente todas as referencias teóricas que foron empregadas e citadas ao longo do informe.

Desenvolvemento do traballo

5 Estado da cuestión

5.1 Importancia do marisqueo en Noia.

O marisqueo é de gran importancia social para Galicia. Por exemplo, segundo o IGE no 2016 o marisqueo ocupou a 3.799 persoas na modalidade de a pé (IGE, 2017b). Ademais, segundo o Rexistro de Buques de Galicia, tamén no 2016 o marisqueo ocupou aos tripulantes de 3.100 embarcacións para realizar o marisqueo a flote (Xunta de Galicia, 2017). Durante o mesmo ano, segundo estatísticas ofrecidas por Pescadegalicia, esta actividade supuxo un valor en primeira venda nas Lonxas de Galicia superiores aos 70.3 millóns de euros, o que significa que se produciron máis de 6.800 toneladas de especies como ameixas, berberechos, percebes, etc...

Como caso de estudo particular, o marisqueo é unha das actividades económicas máis importantes en Noia. A importancia da actividade marisqueira pode observarse nas vendas realizadas na lonxa da Confraría de pescadores, nas que principalmente venden moluscos bivalvos (Táboa N^o1), sendo o berberecho a especie máis extraída (Táboa N^o2).

Táboa N^o1: Principais especies comercializadas na Confraría de Pescadores de Noia, nome científico e tallas mínimas esixidas pola normativa estatal para a súa comercialización.

| Nome comercial | Nome científico | Tamaño mínimo |
|----------------|----------------------|---------------|
| Ameixa babosa | Venerupis pullastra | 38 ou 35 mm |
| Ameixa fina | Ruditapes decussatus | 40 mm |
| Ameixa | Ruditapes | 35 mm 2 |

| Nome comercial | Nome científico | Tamaño mínimo |
|----------------|---------------------|---------------|
| xaponesa | philippinarum | |
| Berberecho | Cerastroderma edule | 25mm |

Táboa 1: Elaboración propia a partir de datos de Pescadegalicia

Táboa Nº2: Evolución das vendas en KG das principais especies entre os anos 2012-2016 da confraría de pescadores de Noia.

| Produtos(Kg)/Ano | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 |
|-------------------|------------------|------------------|----------------|------------------|------------------|
| A.Babosa | 289.576 | 167.063 | 27.049 | 35.985 | 52.446 |
| A.Fina | 103.595 | 57.049 | 86.756 | 42.409 | 26.363 |
| A.Xaponesa | 30.774 | 41.241 | 43.339 | 53.713 | 166.923 |
| Berberecho | 834.444 | 1.373.024 | 774.034 | 2.093.535 | 1.011.677 |
| Total | 1.258.389 | 1.638.377 | 931.178 | 2.225.642 | 1.257.409 |


Táboa 2: Elaboración propia a partir de datos de Pescadegalicia.

A actividade de extracción realízase na ría de Muros e Noia, tanto a pé como a flote, dende punta Uhía ata porto Siavo, incluíndo a cara interna da illa de A Creba e exceptuando a zona portuaria, a zona dos estaleiros e o canal de navegación. E na costa sur dende punta Batuda ata punta Redondel (Diario Oficial de Galicia, 2017).

A zona produtiva ten un total de 5.000.000 metros cadrados dos cales 4.200.000 se corresponden a zonas de berberecho (Solís Pais, 2016). Soamente realizan actividade extractiva dende Outubro a Marzo, xa que teñen a súa actividade ligada a conserva (Solís Pais, 2016).

Na (Imaxe Nº1) móstranse os diversos bancos de extracción sendo o banco máis importante en cifras de extracción, superficie(3.000.000m²) e número de traballadores a Mísela (I,II) (Solís Pais, 2016), o cal se accede a través do areal da praia de Testal, onde tamén se encontra a súa principal lonxa, Lonxa de Testal que unida a lonxa de O Freixo, constitúen os seus dous únicos puntos de venda.

Imaxe Nº1: Bancos de extracción do marisco, tanto a pé como a flote, explotados pola confraría de pescadores de Noia.



Nota: En vermello as areas dos bancos marisqueiros a pé, en azul celeste bancos do marisqueo a flote.

Imaxe 1 : Xunta de (Arnaiz et al., 2005).

Dende o punto de vista socioeconómico, vemos que por un lado a confraría é unha fonte de ingresos rica para a vila. O Gráfico Nº1, indica que no último ano os ingresos superaron os 8 millóns de euros e si realizamos a media aritmética simple dos últimos cinco anos supéranse os 8.9 millóns euros, sendo o ano 2015 o ano con máis ingresos, sobresaíndo a cantidade dos 12 millóns de euros, cifra similar a do ano 2011.

Gráfico Nº1: Cifra de ventas da confraría de Noia entre os anos 2010-2016.




Gráfico 1: Elaboración propia a partir de datos de Pescadegalicia.

Como mostra o Gráfico Nº1, os ingresos flutúan entre uns anos e outros, isto débese a dúas variables, a produción que ano tras ano vai mudando e os prezos aos que saen a venda estes produtos.

Se relacionamos os ingresos obtidos coa produción (Gráfico Nº2), vemos que son directamente proporcionais, xa que, cando a produción aumenta, tamén aumentan os ingresos da confraría. Por outro lado, se relacionamos a produción cos prezos, (Gráfico Nº3), vemos que pasa xustamente o contrario. Nunha época de alza da produción, os prezos caen, mentres que en época de pouca extracción os prezos aumentan, a excepción do ano 2016, onde aínda que cae a produción os prezos non aumentan. A explicación é que por primeira vez, segundo a bióloga desta confraría, decidiron axustar os topes de captura para así evitar a caída de prezos.

Segundo Solís Pais (2016), a produción a súa vez, pode variar por mor da escaseza de bivalvos, pola cantidade ou o tamaño mínimo legal, por riadas que provocan a morte do marisco, ou por outras causas como a existencia de toxinas nas mareas que fan que non se poida re-colectar o marisco por ser prexudicial para a saúde do consumidor.

Gráfico N°2: Ingresos e Producción Confraría de Noia.




Gráfico 2: Elaboración propia a partir de datos de Pescadegalicia.

Gráfico N°3: Relación entre Producción e Prezo na Confraría de pescadores de Noia.




Gráfico 3: Elaboración propia a partires de datos de Pescadegalicia.

5.1.1 Sobre a produción de Berberecho.

No caso concreto da confraría de Noia, a especie predominante é o berberecho que supón o 78.31% das capturas en kg (Táboa N^o3), polo tanto, a variación da produción vai ligada á produción desta especie polo cal se debe analizar as características desta especie para predicir a produción e a dinámica desta confraría.

Táboa N^o3: Porcentaxe de representación do berberecho na confraría.

| PRINCIPAIS ESPECIES | KILOGRAMOS EXTRAÍDOS | PORCENTAXE |
|---------------------|----------------------|----------------|
| AMEIXA BABOSA | 52.445,90 | 4,06% |
| AMEIXA FINA | 26.363,30 | 2,04% |
| AMEIXA XAPONESA | 166.923,60 | 12,92% |
| ANGULAS | 249,00 | 0,02% |
| BERBERECHO | 1.011.677,40 | 78,31% |
| CANGREXO COMÚN | 14.956,50 | 1,16% |
| OSTRA PLANA | 19.241,80 | 1,49% |
| TOTAL | 1.291.857,50 | 100,00% |

Táboa 3: Elaboración propia a partir de datos de Pescadegalicia

Sobre a dinámica de produción do berberecho, segundo Solís Pais (2016) o berberecho é unha especie que case non crece durante o inverno, que se reproduce e medra durante o período primavera-verán e no que a maioría do seu stock necesita dous períodos de primaveira-verán para acadar a talla mínima legal para a súa venda.

Para saber canto marisco pode ser extraído na campaña do ano seguinte, realízase un estudo sobre a cantidade de recrutamento que se realiza durante a primaveira-verán.

No ano 2011 a cantidade de recrutamento foi moi baixa, o cal como mostra o gráfico N^o2, motivou a que as campañas do 2012-2013 foran de pouca produción. A autora do traballo Solís Pais (2016), bióloga da Confraría de Noia, foi consultada nunha entrevista informal sobre o marisqueo na vila, achegando unha explicación ao que sucedeu coa produción marisqueira en Noia no 2014. Ese ano contábase cun bo stock comercial, a pesares disto, as fortes riadas durante o inverno provocaron a baixa salinidade das

aguas que fixo que morresen moito marisco nos bancos de extracción e ademais ese ano tiveron peches por toxinas provocando esta baixa produción.

O 2015 foi un dos anos de mellor campaña, deuse que, ademais de ter un gran recrutamento previo, ese ano as precipitacións foron benévolas.

Finalmente, no ano 2016, a produción foi menor que a o do 2015 xa que o recrutamento en setembro de 2015 foi inferior ao do ano anterior, ademais, contaron con fortes riadas durante o inverno que provocou unha vez máis a mortalidade de diversos bancos. Tiveron tamén a presenza de toxinas, que obrigou a parar a produción e ademais implantaron por primeira vez un tope máximo de capturas para así manter os prezos.

5.1.2 Sobre o emprego e os PERMEX na confraría de Noia.

A confraría tamén constitúe unha gran oportunidade de traballo para os habitantes de dita vila.

Unha das maneiras para medir o emprego desta asociación é mediante o recuento do número de permisos de explotación a pé para recursos específicos (PERMEX) necesario en todo caso para a realización do marisqueo a pé. Este permiso ten unha duración dun ano, é necesario renovalo todos os anos e non poderá ser renovado naqueles casos nos que o individuo teña pendente de pago unha sanción firme administrativa, ademais de ter que estar empadroado nun municipio do litoral galego (Diario Oficial de Galicia, 2016).

No gráfico Nº4 mostra o número de PERMEX totais na Confraría de Noia, distribuídos por sexo, deixando en manifesto que sobre todo é unha importante fonte de traballo para as mulleres, xa que case todos os permisos son para elas. Este tema é tratado por Marugán Pintos (2012) no que afirma que este oficio foi dende sempre un oficio feminizado, que ía pasando de nais a fillas e que era soamente en épocas de fame, cando os homes se sumaban a este oficio. Segundo as enquisadas neste traballo isto é o que está a acontecer nos últimos anos, por mor da crise, como mostra o gráfico 4, hai unha tendencia ao aumento da presenza de homes nos últimos anos, pasando de ser soamente 6 no ano 2011 a 54 no último ano.

Gráfico Nº4: Distribución PERMEX en NOIA 2011-2016, permisos de explotación a pé para recursos específicos.




Gráfico 4: Elaboración propia a partires de datos do IGE (2017b).

Pero nesta confraría non só traballan mariscadoras a pé, tamén conta con mariscadores a flote que traballan en pequenas embarcacións. Segundo datos de Pesca de Galicia, en Noia no ano 2016 foron un total de 428 embarcacións con un total de 1076 tripulantes. Ademais a confraría dispón de máis traballadores coma os vixiantes, bióloga, traballadores da lonxa, persoal administrativo. Segundo a bióloga da confraría esta cifra de traballadores varían entre época de campaña e o resto do ano, por exemplo, durante a última campaña, dende Setembro de 2016 ata Marzo de 2017 o número de traballadores foi de 86, mentres que os que están contratados todo o ano soamente son 20.

5.2 Problemas do furtivismo en Galicia.

A definición de marisqueo ven dada pola Lei de Pesca de Galicia do 2008, sendo : *“O exercicio da actividade extractiva, desenvolvida a pé ou a flote, na zona marítima ou marítimo-terrestre, dirixido de modo exclusivo e con artes selectivas e específicas a captura de unha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos*

e outros invertebrados mariños, con fins de comercialización” (Lei Pesca de Galicia, 2008).

A pesares de que o marisqueo é unha actividade realizada dende sempre coa finalidade de supervivencia e auto alimentación, non é ata finais dos anos 40 cando a actividade do marisqueo se comeza a “*profesionalizarse*”, ligando a súa existencia ao sector da conserva por mor da crise da sardiña. A unión desta actividade co sector conserveiro revalorizou o valor do marisco , e, asociado a esa valorización comezaron a aparecer os primeiros furtivos (Marugán-Pintos, 2012).

Con esta gran industrialización, comercialización do marisco e o establecemento de normativas e regularización da costa galega aparecen por primeira vez a figura dos furtivos e a actividade do furtivismo.

O furtivismo da pesca é a actividade mediante a cal se extraen produtos do mar ao marxe da lexislación vixente (González Vidal, 1989), podendo clasificalo entre interno, aquel que é realizado por membros das agrupacións pesqueiras e que están en posesión da habilitación do permiso de explotación, ou o furtivismo externo, que é realizado por persoas alleas as agrupacións e que non están en posesión de un certificado que lles permita a explotación de recursos marítimos (Marugán-Pintos, 2012) . En ambos casos, o fin último é a obtención de un beneficio propio, ben mediante a venda no mercado destes produtos ou ben mediante o autoconsumo.

González Vidal (1989) catalogou as formas do furtivismo mariñeiro en Galicia do seguinte xeito:

- Pola forma de extracción: A maioría de buques que faenan no litoral non empregan redes con luz de maia regulamentaria, introducen dentro das redes sacos de redes máis finas que fan que non poden fuxir especies máis minúsculas que non dan a talla regulamentaria, empréganse métodos prohibidos como os explosivos na pesca da sardiña...
- Polo tempo de extracción: Non se respectan as vedas tradicionais, temporais e zonais.
- Por especies e tallas: Realízanse extraccións de especies protexidas, especies que non chegan a acadar a talla mínima para a súa captura.
- Actividades extra profesionais: Buques de 4ª lista (transporte) e 5ª lista (deportivos) que faenan con toda impunidade a diario así como tamén outros colectivos como os xubilados, os parados, os autorizados á pesca deportiva e os veraneantes que logran así un complemento salarial.
- Rotura dos topes de captura: Non se respectan os topes de vedas, sobresaíndo o máximo legal permitido.

Por outra lado, estudos recentes afirman que existen unha serie de condicionantes contextuais que fan que o furtivismo estea moi presente no marisqueo galego. Nese sentido Ballesteros et al (2017) expoñen que :

- O furtivismo é unha actividade alcanzable e fácil de practicar: O acceso aos bancos de marisco é doado por estar a pé de praia, que é unha zona aberta as 24 horas do día e de entrada libre, polo cal, calquera persoa pode acceder e practicar o furtivismo. Ademais para mariscar non se necesitan grandes inversións de capital, nin un alto grado de especialización técnica, é relativamente sinxelo extraer marisco da praia e do mar.
- Os furtivos son abundantes e heteroxéneos: Amas de casa, xubilados, turistas, parados, drogadictos, insolventes, xente da mesma confrarías, membros das directivas, vixiantes, en definitiva, calquera persoa pode ser furtiva.
- Xa existen vías de comercialización para o marisco ilegal: En Galicia, existe un mercado negro establecido e extenso capaz de absorber grandes cantidades de marisco furtivo. As redes de venda e distribución son múltiples e variadas, dende a máis simple onde o propio furtivo vende de forma directa ao consumidor final ata redes máis complexas que involucran produtores, extractores, hostaleiros, depuradoras, vixiantes, lonxas... neste contexto, é relativamente doado tanto para o furtivo darlle saída aos seus produtos como aos consumidores ou compradores encontrar provedores.
- A percepción do furtivismo é ambivalente. Isto significa que pode existir aceptación social de certas actividades furtivas. Neste ámbito pódese ir dende o rexeitamento absoluto por parte das mariscadoras de calquera tipo de furtivismo ata a aceptación desta práctica en algunhas situacións. Unha das mariscadoras entrevistadas dicía: *“ O furtivismo cando é por necesidade é comprensible. Se teño que darlle de comer aos meus fillos terei que vir furtar, pero só en caso de ser verdadeiramente necesidade”* (Mariscadora Nº22). Outra mariscadora afirmaba a pé de praia sobre un drogadicto da vila: *“ Pobriño, iso é unha desgraza. Non me importa que veñan algunhas veces . É unha enfermidade, é mellor que veñan aquí a que vaian roubar polas casas”* (Mariscadora Nº86). Esta tolerancia do furtivismo da sentido a nosa investigación.
- Dificultade para o control, detención e castigo dos furtivos. Existe unha gran dificultade para vixiar e controlar a costa. En Galicia temos 1.498 quilómetros de costa o cal fai imposible contar con medios suficientes para cubrir todo isto e, ademais, isto hai que engadirlle as brechas legais que fan que moitas veces os furtivos queden impunes (Ballesteros et al., 2017).

Para a vixilancia nas praias empréganse vixiantes das propias confrarías, os coñecidos como garda-pescas que non teñen autoridade legal para reter e

identificar os furtivos, polo que teñen que recorrer ao apoio da garda civil e a policía. O apoio das forza de seguridade as confrarías é moi limitado (Ballesteros et al., 2017) o que fai que os furtivos cheguen a enfrontarse aos vixiantes, xa que, coñecen que non poden facerlle nada. Ademais como apuntaba unha mariscadora “ *Os vixiantes as veces xa fan a vista gorda porque están cansos de chamar a garda civil e o final que o furtivo quede impune, xa que alegan que son insolventes e o día seguinte volven a estar aquí na praia coma se nada*” (Mariscadora Nº66).

Finalmente, como último condicionante para detención e castigo está que os vixiantes privados, contratados polas confrarías e asalariados destas, en moitos casos teñen que multar e vixiar aos seus propios xefes cousa que condiciona a que soamente se busque castigar ao furtivismo externo e se esquezan do furtivo interno (Ballesteros et al., 2017).

O furtivismo non é soamente prexudicial por ser unha actividade ao marxe da lei senón que pode chegar a ser un gran problema para os consumidores, xa que están ao marxe de calquera control sanitario e proceso de depuración.

6 Metodoloxía

A unidade de análises deste traballo foi a confraría de pescadores de San Bartolomeu de Noia. Para a recollida da información optouse pola técnica de investigación: Enquisas.

Entrevistáronse ás mariscadoras a pé da confraría obténdose información de tipo primario que completou a información obtida de artigos, libros, informes e base de datos.

Para coñecer a cantidade de mariscadoras que debíamos enquisar obtivemos o número total de PERMEX en Noia no 2016 do plan de Explotación do Marisqueo a Pé, o cal, está dispoñible na páxina web de Pescagalicia. Nese plan, establecíase que o número de PERMEX da confraría de Noia no ano 2016 (Documento en Anexo 3) eran de 377+71+18 . Estas cifras significan que 377 son mariscadoras de Noia, 71 mariscadoras pertencentes á confraría de Muros, e as últimas 18 correspóndense a persoas que ían entrar como novas mariscadoras durante este ano. Unha entrevista realizada á Presidenta da Agrupación de Mariscadoras de Noia, revelou que finalmente esas 18 mariscadoras adicionais non se incorporaron á actividade. Polo explicado, a poboación de mariscadoras de Noia que tivemos en conta neste traballo foi de 448.

Dada a poboación de 448 unidades, a cantidade de enquisas necesarias para que a mostra fose representativa foi de 80. Esa cantidade foi establecida calculando unha mostra dunha poboación coñecida mediante o sistema aleatorio simple.

Aplicouse a fórmula de mostraxe aleatorio simple con poboación finita coñecida (Fórmula N^o1):

$$n = \frac{N * Z^2 * P * (1 - P)}{(N - 1) * e^2 + Z^2 * P * (1 - P)}$$

Aplicouse a fórmula coas seguintes variables:

- Tamaño mostra que queremos calcular (n)
- Poboación (N) = 488
- Error máximo permitido (e) = 10%
- Probabilidades de éxito (p) = 0.5
- Probabilidades de fracaso (1-p) = 0.5
- Nivel de confianza (1- α) = 95%
- Desviación del valor medio, dado nivel confianza (Z) = 1.96

Logo da aplicación da fórmula N^o1, o resultado foi que o tamaño da mostra ca que se debería traballar para ser representativo sería de 79.23 mariscadoras, ou sexa 80 enquisas.

$$n = \frac{448 * 1,96^2 * 0,5 * 0,5}{(448 - 1) * 0,10^2 + 1,96^2 * 0,5 * 0,5} = 79,23$$

Unha vez coñecido o número de enquisas necesarias para facer este traballo, iniciouse o proceso de recollida de información. As enquisas foron levadas a cabo a pé da praia, en Testal e na lonxa de dita praia, entre os meses de Febreiro de 2017 e Marzo de 2017. Fixéronse 95 enquisas, superando o número de 80 necesarias para que o traballo fose representativo.

A duración de cada enquisa foi aproximadamente de entre 8 e 10 minutos cada unha.

Adicionalmente, foi recollida información cualitativa, xa que durante as enquisas ou despois das mesmas, moitas mariscadoras daban opinións sobre o furtivismo e sobre as cuestións que lle expuñamos. Esa información foi rexistrada e empregada neste traballo para reforzar os resultados das enquisas.

Ademais das enquisas, realizáronse varias entrevistas como coa bióloga da Confraría ou a Presidenta da Agrupación de Mariscadoras que axudaron a definir mellor o cuestionario e comezar o traballo de campo.

Durante a etapa de recollida de información, presentáronse unha serie de dificultades. As veces as mariscadoras non cooperaban, evitábanos, non entendían exactamente algunhas das preguntas sobre o que lles estaba preguntando. Tivemos algúns problemas para localizalas porque non sempre sabíamos con exactitude que días estarían na praia e a que hora, xa que o seu horario depende das mareas, polo cal era difícil saber, con días de anterioridade cando estarían na praia e a que hora. Ademais como baixamos a praia a realizar as enquisas, moitos días sufrimos as inclemencias do tempo, frío, choiva, vento, chegando a entender aínda mellor a dureza do traballo das mariscadoras.

7 Resultados

Como resultado do estudo de campo realizado a un total de 95 mariscadoras a pé da confraría de San Bartolomeu de Noia, podemos extraer aos seguintes datos relativos a situación da actividade marisqueira na sociedade, a capacidade que teñen as distintas mariscadoras para identificar e clasificar os distintos furtivos e a tolerancia que estas poden ter a esta práctica en función da súa clasificación.

7.1 O recoñecemento das Mariscadoras.

En estudos previos a este caso levados a cabo por Marugán-Pintos (2012) : *“La Organización de las mariscadoras como agente de transformación social”*, fálase dos cambios na consideración social do oficio de mariscadora, oficio tradicionalmente feminizado, e do que se afirma que: *“ las mariscadoras ya no son vistas como aquel grupo conflicto que iba a la playa porque no tenía otro sitio a donde ir, si no que se sienten orgullosas de ser profesionales”*(Marugán-Pintos, 2012).

Este foi o primeiro dos temas tratados cas mariscadoras desta confraría. Nas enquisas realizadas introduciuse unha pregunta dicotómica (resposta si ou non) que buscaba saber se as mariscadoras se sente orgullosas da súa profesión. A Táboa Nº4, mostra que o 92.6% das mariscadoras séntense orgullosas de ser mariscadoras.

Ante isto, unha mariscadora da confraría afirmou: *“Como non me vou a sentir orgullosa, levo 40 anos traballando aquí no mar”* (Mariscadora Nº 46). Outra mariscadora dixo : *“dáme moita pena xubilarme para o ano que ven, porque é unha profesión moi bonita”* (Mariscadora Nº 39) . Este tipo de declaracións apoian a tese de Begoña Marugán deixando atrás esa consideración de que é unha actividade marxinal realizada polas mulleres porque pode compaxinarse cos labores do fogar e pasa a ser unha actividade recoñecida e con igual consideración que calquera outro oficio.

Por outro lado, os datos das enquisas mostran que hai unha minoría de persoas que afirmaron non sentirse orgullosos de ser mariscadores (7.4%). Algúns dos enquisados que afirmaron non sentirse orgullosos da profesión afirmaron cousas como: *“Eu estudei na Universidade pero levaba catro anos no paro e foi o que encontrei”* (Mariscador Nº50). Outro informante que dicía *“Eu antes non traballaba disto, pero quedei no paro e a miña muller traballa disto tamén”* (Mariscador Nº20).

A enquisa tamén nos deu información sobre a relación das mariscadoras coa súa agrupación. As segunda pregunta realizada foi se as mariscadoras se sentían representadas pola súa agrupación. A Gráfico Nº5, indica que ao igual que se senten orgullosas a maioría destas, un 70.5% están satisfeitas co xeito de facer as cousas dentro da súa agrupación.

Gráfico Nº5: Orgullo de ser mariscadora e identificación coa agrupación.




Gráfico 5: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

Como conclusión, pódese afirmar que o marisqueo, segue sendo unha profesión feminizada, xa que é unha profesión realizada sobre todo por mulleres. Iso vese no Gráfico Nº4 no que se expón a distribución de PERMEX en Noia entre os anos 2011-2016, e nos que se observa que o marisqueo a pé en Noia é unha actividade feminina.

Sobre a consideración do marisqueo como un traballo marxinal, parece non quedar rastro. As mariscadoras están orgullosas do seu traballo, da posición que este lles aporta na sociedade, da independencia económica que lles aporta e da súa confraría, onde cada vez, a opinión das mulleres mariscadoras a pé vai gañando peso. Ademais, os individuos que non se senten orgullosos de ser mariscadores dixeron que o marisqueo os acolleu cando non tiña traballo, polo que esa aceptación social do marisqueo como un traballo digno parece que se consolida.

Gráfico Nº4: Distribución PERMEX en NOIA 2011-2016, permisos de explotación a pé para recursos específicos.




Gráfico Nº4: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

7.2 Identificación e tolerancia das mariscadoras cara os distintos tipos de furtivos.

A primeira hipótese que tentamos demostrar é que as mariscadoras teñen a capacidade de diferenciar entre diferentes tipos de furtivos. Relacionada coa anterior, a segunda hipótese foi que as mariscadoras poden tolerar algunhas accións de furtivismo dependendo dos individuos que as practican.

Para observar diferentes situacións de furtivismo preguntámoslle ás mariscadoras se tolerarían as accións de diferentes tipos de furtivos. Propuxéronse 12 casos distintos de furtivos e unha última pregunta aberta para que indicaran calquera outro tipo de furtivo adicional que identificaran. As enquisadas afirmaron que no cuestionario xa se encontraban todos os furtivos posibles. Os doce tipos de furtivos propostos foron sacados da literatura sobre o tema (Ballesteros & Rodríguez-Rodríguez, 2016; González Arias et al. 2011) e foron:

- Desempregados.
- Turistas que levan para autoconsumo.

- Toxicómanos.
- Profesionais do furtivismo que viven na comunidade.
- Alguén da comunidade que leve para autoconsumo.
- Furtivos profesionais de fora da comunidade.
- Mariscadoras que levan para o autoconsumo.
- Furtivismo feito por calquera outro membro da confraría (Mariñeiros, mariscadores a Flote, etc).
- Mariscadoras doutras vilas.
- Venda externa, sen pasar por lonxa, das propias mariscadoras.
- Familias de furtivos que se organizan.
- Furtivos organizados.

Un primeiro resultado relativo á hipótese N^o1 é que se pódese afirmar que as mariscadoras son capaces de distinguir e identificar diferentes tipos de furtivos xa que, no 100% das enquisas realizadas afirmaron coñecer e recoñecer na súa area de traballo a todos os casos de furtivos que lles propuxemos

Un segundo resultado, no tocante a Hipótese N^o2, é que a opinión xeneralizada das mariscadoras a pé é o rexeitamento de calquera tipo de furtivo, argumentando en moitos casos que non hai ningún tipo de condicionante que poida levar a aceptación dunha actividade ilícita coma esta. Porén, observamos que non todos os casos foron rexeitados totalmente, é dicir, as mariscadoras dixéronos que existen diferentes tipos de furtivos e que nalgúns casos as súas accións, aínda que rexeitables poden ser máis aceptables.

Táboa N^o4: Tipos de furtivos ordenados de menor a maior aceptación.

| Tipo de Furtivo | NS/NC | Sempre | Case Sempre | As veces | Case Nunca | Nunca |
|----------------------------------------|-------------|--------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| 1. Mariscadora para vender | | | | | | 100 |
| 2. Familias Organizadas | 2.10 | | | | 1.10 | 96.8 |
| 3. Profesionais de fóra da Vila | 1.10 | | | 1.10 | 1.10 | 95.8 |
| 4. Furtivos organizados | 3.20 | | | | 1.10 | 95.8 |
| 5. Turistas | | | | 2.1 | 3.2 | 94.7 |

| Tipo de Furtivo | NS/NC | Sempre | Case Sempre | As veces | Case Nunca | Nunca |
|-----------------------------------------------------|-------|--------|-------------|----------|------------|-------|
| 6. Profesionais da comunidade | 1.10 | | | 5.3 | 1.10 | 92.6 |
| 7. Mariscadoras doutras vilas | 3.20 | | 1.10 | 3.20 | 1.10 | 91.6 |
| 8. Toxicómano | | 3.2 | | 18.9 | 5.3 | 72.6 |
| 9. Outro membro da confraría | 2.1 | | | 24.20 | 6.3 | 67.4 |
| 10. Alguén da comunidade que leve para auto consumo | | 3.20 | 3.20 | 26.3 | 7.4 | 60 |
| 11. Desempregados | 2.10 | | 3.20 | 32.6 | 7.4 | 54.7 |
| 12. Autoconsumo das mariscadoras | | | 2.10 | 35.8 | 8.40 | 53.7 |

Táboa Nº4: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

O furtivismo menos tolerable para elas é o furtivismo interno para a venda, o furtivismo realizado polas propias mariscadoras con intención de vender o marisco. Este rexeitamento enténdese, porque son as encargadas de sementar e preservar limpas as praias, de recuperar os recursos, de vixiar organizándose en grupos para protexer os seus bancos e, ademais, deses traballos, as mariscadoras argumentan que para ser mariscadora hai que ser legal e tamén pagar impostos. O Gráfico Nº6 mostra este resultado. A resposta das mariscadoras nesta pregunta foi unánime, o 100% afirmaron que unha mariscadora nunca pode vender marisco ilegalmente, ou sexa, sen pasar pola lonxa con anterioridade.

Gráfico Nº6: Grao de tolerancia cara a venda autónoma das mariscadoras.





Gráfico Nº6: Elaboración propia a partir do estudo de campo.


O rexeitamento pode deberse a que é algo que as prexudica a todas, polo que non está ben visto entre elas, ao ser algo que é na procura do beneficio individual, castiga ao colectivo de mariscadoras. Ante esta situación, unha das informantes dixo a pé de praia: “Que unha compañeira levara para vender nunca o aceptaría, tamén eu teño que ir a lonxa e compralo si o quero comer” (Mariscadora Nº24), outra das enquisadas foi mais directa dicindo: “O furtivismo interno non se pode permitir, é roubarlle as compañeiras” (Mariscadora Nº95).

Moi preto deste tipo de furtivos, superando o 90% de respostas negativas, e significando que as mariscadoras non aceptarían a este tipo de furtivos, están os furtivos profesionais (Gráfico Nº7 e 8) e os furtivos de fóra da comunidade. Estes son furtivos que elas identifican como de fóra do seu entorno ,tales como os turistas (Gráfico Nº9), mariscadoras doutras vilas (Gráfico Nº10) e grupos familiares que practican o furtivismo (Gráfico Nº11). Nese sentido parece que cando os furtivos son persoas descoñecidas doutros lugares, a súa aceptación é menor entre as mariscadoras.

7. Grao de tolerancia cara profesionais de fora da vila.




8. Grao de tolerancia cara furtivos organizados



9. Grao de tolerancia cara Turistas.



10. Grao de tolerancia cara mariscadoras doutras vilas.




11. Grao de tolerancia cara familias organizadas.




Gráficos N°7, 8,9,10,11: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

No outro extremo, o furtivo máis tolerable segundo as mariscadoras foron persoas desempregadas (Gráfico N°12) e asas propias mariscadoras pero cando se trata de accións de autoconsumo ou como elas din: “cando levan para o arroz” (Gráfico N°13).

12. Grao de tolerancia cara desempregados.



13. Grao de tolerancia cara alguén da comunidade que leve para arroz.




Gráficos Nº 12.13: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

No caso das persoas desempregadas o Gráfico Nº12 indica que as posturas que indican máis grao de aceptación suman un total do 35.8%. Esta postura é unha xustificación para as mariscadoras cando existe a condición de necesidade e non soamente unha situación de desemprego. É por iso que, diferencian entre desempregado con prestación, o cal non é tolerable por ter unha fonte de diñeiro e desempregado sen prestación, o cal si é tolerable, e entenden que furten.


Isto quedou reflectido en frases aportadas por elas como: *“Se eu non teño que darlle de comer aos meus fillos, tamén viría a praia a practicar o furtivismo”*(Mariscadora Nº5), ou a aportada por un mariscador que afirmaba: *“Non todo o desempregado necesita vir a praia, se estas no paro cobrando, non tes necesidade de vir aquí”* (Mariscador Nº27). Outro enquisado poñía de manifesto o problema de que as persoas que están no paro practiquen o furtivismo, xa que non saben mariscar, non coñecen as normas e tallas de marisqueo prexudicando gravemente ás mariscadoras: *“O problema é que veñen e acaban con todo, veñen e collen ata as crías que non da a talla, e se eles veñen e collen as crías cando veña eu xa non teño que coller”* (Mariscador Nº26).

Sobre a tolerancia ao furtivismo para autoconsumo, os Gráficos Nº13 e Nº14, recollen o resultado da tolerancia mostrada a membros da comunidade de mariscadoras (donas de casa, novos, xubilados e veciños en xeral) e as mariscadoras profesionais.

13. Grao de tolerancia cara alguén da comunidade por leve para arroz.



14. Grao de tolerancia cara autoconsumo das mariscadoras.



Gráficos N°13,14: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

No gráfico N°13, preguntóuselle as mariscadoras a tolerancia que teñen sobre alguén da comunidade que furtive por autoconsumo. Neste caso o gráfico indica que o 32,67% pensan que esta práctica é tolerable. No gráfico N°14, en cambio, preguntóuselles polo autoconsumo das mariscadoras resultando que o 37,9 % das mariscadoras pensan que é tolerable que leven marisco para autoconsumo.

Esta postura pode vir explicada por costumes arraigadas nesta confraría. Existía unha lei non escrita pola que as mariscadoras podían levar para casa e comer algo de marisco. Sobre iso, unhas mariscadoras afirmaron: “*Antes os Xoves sempre levabamos algúns quiliños para casa*” (Mariscadora N°14) Outra informante dicía “*Deberíamos poder levar, antes os Xoves, sempre podíamos levar uns Kg para a casa, dependendo do que houbera pero sempre se levaba algo, pero agora estamos traballando e collémolo nós e non podemos levar nada*”(Mariscadora N°69).

Segundo os Gráficos N°13 e N°14, as mariscadoras pensan que é máis tolerable o furtivismo por autoconsumo das mariscadoras que cando son outros membros da súa vila quen furtiva. O Gráfico N°15, deixa de manifesto que son recias ao furtivismo doutro membro da confraría, nun maior grado que nos dous casos anteriores, o 73,7% pensa que nunca ou case nunca serían tolerables.

Gráfico Nº15: Grao de tolerancia cara outro membro da confraría.




Gráfico Nº15: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

No resto dos casos expostos, aínda que as respostas foron predominantemente de rexeitamento, rexistráronse diversas posturas ante o furtivismo, mostrando que entre as mariscadoras existe unha percepción diferente e distinta tolerancia sobre os furtivos.

Algunhas das situacións con máis polémica e nas que as informantes querían explicar con máis detalle a súa postura foron:

- **Turistas:** Este colectivo está tratado na Gráfica Nº10, onde indica que o 94.7% dos enquisados afirma que nunca sería tolerable que un turista furtara mentres que existe un 2.1% que afirma que as veces podería practicar o furtivismo. Dende a postura que xamais podería furtar unha mariscadora afirmaba: *"O turista pode vir aínda menos co desempregado. O turista se ven de turista é que ten cartos polo cal que o pague que tamén o teño que pagar eu se o quero comer"* (Mariscadora Nº 92). Por outro lado e coincidindo con unha maior tolerancia ante o furtivismo por autoconsumo outra mariscadora dicía: *"o turista pode comer uns poucos na praia, pero non levar para casa"* (Mariscadora Nº 82).

Gráfico Nº9: Grao de tolerancia cara turistas.



Gráfico Nº9: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

- **Toxicómanos:** Neste caso, chega a haber posturas nas que afirman que sempre poden vir mariscar libremente, é dicir, existen persoas que consideran que son perfectamente aceptables (Gráfico N°16). Este tema foi definido por algunhas delas como “un tema complicado” ou un tema “que lle toca a fibra”. Unha das enquisadas afirmou sobre os drogadictos que furtan en Noia que: “Pobriños, iso é unha desgraza, algunhas veces que veñan, é una enfermidade. É mellor que veñan aquí á praia que que vaian polas casas a roubar” (Mariscadora N°86). Outra mariscadora explicou o caso dunha persoa coñecida por todas, da cal coñecen a súa situación de dependencia e a cal lle permiten acceder a un recuncho da praia onde elas non van mariscar, para que furtar libremente: “Esa situación é moi difícil, de feito, aquí hai un coñecido por todas que ven furtar e é drogadicto, e xa lle dixemos, ti a partir desa pedra para alá. Alí nos non vamos” (Mariscadora N°23). Nos drogadictos as mariscadoras de Noia identifican persoas en problemas, podendo chegar a aceptar e permitir o seu furtivismo. Neste caso vese moi ben a diferenciación entre furtivos e a súa posible aceptación.

Gráfico N°16: Grao de tolerancia cara persoas toxicómanas.




Gráfico N°16: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

- **Outras confrarías:** No gráfico N°10, mostra que as mariscadoras non toleran o furtivismo de mariscadoras doutras vilas, afirmando o 91.42% das enquisadas que nunca poden vir mariscar. Neste caso o debate veu pola consideración sobre quen é unha mariscadora doutra vila. Para elas, a súa comunidade non está soamente delimitada só aos límites de Noia, as mariscadoras afirman que nos seus bancos hai mariscadoras de concello limítrofes como a Serra de Outes, de Muros e de Lousame e que para elas teñen o mesmo dereito a ir porque está incluídas no plan de explotación. De feito, moitas delas falan de acordos entre a Confraría de Muros e Noia onde cada ano, varias mariscadoras de Noia van a Muros ao acabar a tempada e moitas de Muros veñen a Noia durante a época do berberecho. Aínda así, a opinión das mariscadoras de Noia é que mariscadoras profesionais doutras comunidades de mariscadoras que veñan sen estar no plan de explotación,

non son ben recibidas por ser furtivas nas súas praias. Isto era aclarado por unha delas cando dicía: *“As de Muros son coma nós, elas veñen aquí todos os anos pero nós tamén temos permiso para ir alá. Unha vez acabada aquí a campaña realízase unha selección entre todas nós na que máis ou menos 70 persoas son elixidas cada ano para ir. Iso si, unha vez que vas, tes que estar dous anos sen poder presentarte a selección para que así teñamos posibilidade de ir todas”* (Mariscadora Nº47).

Gráfico Nº10: Grao de tolerancia cara mariscadoras doutras vilas.




Gráfico Nº10: Elaboración propia a partir do estudo de campo

Durante esta parte do traballo fomos preguntándolle as mariscadoras sobre casos concretos de furtivos para acabar preguntándolle de maneira directa si o feito de que o furtivo sexa da comunidade facía que fose máis tolerable para elas.

Con esta última pregunta o que se pretendía saber era si a consideración da persoa furtiva como alguén da comunidade, alguén que a enquisada identificara como do seu entorno, influiría no grao de tolerancia que esta tiña. Como conclusión de isto, o gráfico Nº 17, indica que o 33.7% dos enquisados afirma que o coñecemento da persoa e da súa situación persoal faga que sexa máis tolerante que si non a coñecera de nada.

Gráfico Nº17: Aceptación dos comunitarios.




Gráfico Nº17: Elaboración propia a partir do estudo de campo.

Conclusións

Para a realización deste traballo foron varios os intereses de investigación e como consecuencia foron varias as conclusións acadadas.

O primeiro deses intereses foi observar a situación das mariscadoras na sociedade actual. Estudos previos indican que a situación das mulleres mariscadoras galegas foi mellorando, deixando atrás tempos nos que o seu oficio estaba infravalorado e as mariscadoras eran percibidas pola sociedade como individuos marxinais (Marugán-Pintos, 2012).

Sobre esta cuestión chegouse á unha conclusión que dependeu da base teórica dada pola revisión da bibliografía, pero principalmente da experiencia obtida durante o estudo de campo que se realizou entre as mariscadoras da confraría de Noia. No estudo recollemos datos tanto cuantitativos, das enquisas, como cualitativos, coas declaracións das mariscadoras, e ademais, obtivemos información da convivencia que tivemos con elas durante unhas semanas.

A información obtida sinala que as mariscadoras perciben que a súa situación tiña mellorado moito. Un síntoma disto foron as declaracións das mariscadoras onde deixaban claro que, case todas (92,6%) se senten orgullosas da súa profesión. Outra consecuencia desa mellora é que as mariscadoras se senten identificadas coa súa confraría, fundamentalmente, por sentirse cada vez máis integradas, tendo cada vez máis voz para a toma de decisións. Outro dato de interese foi a existencia de persoas que aceptaron ser mariscadores, case todos homes, como medio de saír do desemprego, o que reforza ao argumento de normalización da profesión de mariscadora.

Por outra banda, a partir da convivencia coas mariscadora, puiden observar que o oficio é realmente sacrificado e duro, están durante horas metidas no medio do mar tirando dun rastro e entran a praia a primeiras horas do día no medio do inverno pero que están realmente orgullosas e integradas na confraría, xa que o ambiente no que me acolleron foi en todo momento cercan e con disposición a mostrarme como traballaban e os aparellos que empregaban.

Considerando o anterior, a conclusión é que a profesión de mariscadora en Noia, ten mellorado. Como consecuencia dos esforzos realizados polo colectivo, as mulleres de Noia senten orgullo da súa profesión.

O segundo dos intereses deste TFG era coñecer a percepción das mariscadoras cara o furtivismo. Interesou observar se as mariscadoras eran capaces de diferenciar entre os distintos tipos (Hipótese 1) de furtivos que existen en Noia, xa que esta diferenciación, podería explicar diferentes actitudes ante o furtivismo (Hipótese 2). Neste caso, a nosa conclusión basease no estudo dos datos cuantitativos aportados polo estudo de caso e que foron interpretados nos resultados. Os datos indicaron que as mariscadoras si son capaces de diferenciar entre os furtivos e que como consecuencia desta diferenciación, poden tolerar aos furtivos de diferente xeito. Esta afirmación ven constatada nas achegas das mariscadoras que xeralmente consideran que o furtivismo é negativo. Porén, cando se profundaba e se preguntaba por cada un dos distintos tipos de furtivos mostraban matices na tolerancia dos furtivos. A conclusión fundamental é que as mariscadoras de Noia, afirmaron que son máis tolerables cara o furtivismo interno por autoconsumo ou cara o furtivismo de persoas que elas observaban como necesitadas, desempregados ou drogadictos, mentres que eran menos tolerables con outros tipos de furtivos como eran o furtivismo para a venda ou o realizado por profesionais do furtivismo.

Neste ámbito, parece ser que as políticas para combater o furtivismo non están sendo efectivas mentres que o sector segue ameazado polo furtivismo (Ballesteros et al., 2017). Isto pode ser causado polo feito de que as políticas fixadas ata agora son políticas que perseguen aos furtivos sen diferenciarlos, polo que no son políticas adaptadas a realidade do problema existente. As mulleres mariscadoras identifican distintos tipos de furtivos e toleraranos de distinta maneira, polo cal, isto leva a pensar, que as políticas tamén deberían estar en concordancia con este feito. As políticas para combater o furtivismo, deberían ser máis flexibles adaptándose á situación de cada furtivo.

Dende o punto de vista persoal, é importante recoñecer que esta foi a primeira toma de contacto da autora deste TFG con unha investigación de economía aplicada, polo que existirán puntos neste traballo que se poidan mellorar. Durante esta investigación fixen varias tarefas, como as enquisas e o seu posterior tratamento, que foron para min novas tarefas. Tratamos de facer eses traballos do mellor xeito posible, tentando superar os obstáculos que se ían presentando, por exemplo durante as enquisas, moitas veces as mariscadoras evitábanme, outras non cooperaban ou non entendían o que lles preguntábamos.

Esperamos que os resultados que presentamos sirvan para continuar investigando sobre este tema.

Bibliografía

- A Opinión da Coruña. (2015, April 8). Doce novos detidos na segunda fase de la operación Vipe' contra el furtivismo. *A Opinión Da Coruña*. Retrieved from <http://www.laopinioncoruna.es/mar/2015/04/08/doce-nuevos-detidos-segunda-fase/944293.html>.
- Arnaíz, R., Juncal, L. M., Rodríguez, E., & Ribó, J. (2005). *Georreferenciación y cartografía de los bancos marisqueros de Galicia. Evaluación del potencial marisquero*. Santiago de Compostela: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Xunta de Galicia.
- Ballesteros, H. M., & Rodríguez-Rodríguez, G. (2016). Typology of poachers: A classification of natural resources poachers from the sea. In *IIFET 18th Biennial Conference 2016, Aberdeen, Scotland*. Aberdeen, Scotland.
- Ballesteros, H. M., Rodríguez-Rodríguez, G., & Bande Ramundo, R. (2017). Incentivos estructurales para la práctica del furtivismo marisquero en Galicia: una aproximación cualitativa. In J. Pueyo Losa & J. Jorge Urbina (Eds.), *La reforma de la gobernanza pesquera internacional y europea*. Cizur Menor (Navarra): Thomson Reuters Aranzadi.
- Diario Oficial de Galicia, D. Orden de 30 de diciembre de 2015 por la que se regula la explotación de los recursos específicos en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Galicia. (2016).
- Diario Oficial de Galicia, D. Orden de 22 de diciembre de 2016 por la que se aprueban los planes de gestión para recursos específicos en Galicia para el año 2017. (2017).
- Gil. (2009). Sorprenden a dos furtivos con 75 kilos de berberecho en Noia. *O Correo Galego*. Retrieved from http://www.elcorreogallego.es/portada/ecg-h/idEdicion-2009-10-08/idMenu-comarcas/idNoticia-475056/idEdicion-2009_10_08/titulo-Sorprenden-a-dos-furtivos-con-75-kilos-de-berberecho-en-Noia
- Gil. (2013). La crisis aumenta los casos de furtivismo en la ría de Noia. *O Correo Galego*. Noia. Retrieved from <http://www.elcorreogallego.es/area-de-compostela/ecg/crisis-aumenta-casos-furtivismo-ria-noia/idEdicion-2013-04-08/idNoticia-800287/%0AGil>.
- González Arias, M. Á., Molano Martín, F. J., & Bandín Buján, C. (2011). *O Furtivismo Mariño e a súa incidencia na Comunidade Autónoma de Galicia*. (Consellería do Mar, Ed.). Xunta de Galicia.

- González Vidal, M. (1989). El furtivismo en la pesca de Galicia. In *Jornadas sobre Economía y Sociología de las comunidades pesqueras*. (pp. 407–418). Retrieved from <http://agris.fao.org/agris-search/search/display.do?f=2012/OV/OV201207207007207.xml;ES19900101835>
- IGE. (2017a). Información municipal de Noia. Retrieved June 7, 2017, from http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=000&c=-1&idioma=gl&ruta=fichas%2Fbdmunicipal_tablas.jsp%3FESP%3D15057
- IGE. (2017b). Permisos de marisqueo a pé por sexo e idade 2016. Retrieved from [https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=3739&R=2\[0\];0\[2016\]&C=1\[0\]&F=&S=998:12&SCF=](https://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=3739&R=2[0];0[2016]&C=1[0]&F=&S=998:12&SCF=)
- Lei Pesca de Galicia, D. O. G. (2008). Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia. *D.O.G, Diario Oficial de Galicia*, 243, 22275–22317.
- Marugán-Pintos, B. (2012). La organización de las mariscadoras como agentes de transformación social. *Em Debate*, (7), 82–106. <http://doi.org/http://dx.doi.org/10.5007/1980-3532.2012n7p82>
- Romero. (2015). Los furtivos no dejan de faenar ni haciendo operativos cada día. *La Voz de Galicia*. Ribeira.
- Sequeiros, J. L. (1995). *A Despensa de Area: Cambio Social e formas productivas no sector marisqueiro das Rías Baixas galegas*. Edicións Xerais de Galicia.
- Solís Pais, L. (2016). Producción de Berberecho (*Cerastoderma edule*) na Confraría de Pescadores de Noia. Problemas de conservación dos bancos marisqueiros-. In *XVIII Foro dos recursos mariños e da acuicultura das rías galegas* (pp. 111–126).
- Xunta de Galicia. (2017). *Rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma de Galicia 2016*. (C. de P. e A. Marítimos, Ed.). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Anexos

Anexo 1. Enquisa realizada as Mariscadoras.

Nome: _____

Data: _____

Nº Enquisa: _____

| | | |
|----------|----------------------------------------------|-----------------|
| 1 | Síntese orgullosa de ser mariscadora? | Resposta |
| | 1. Si ; 2. Non. 0. NS/NC. | |


| | | |
|----------|--------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| 2 | Síntese identificada coa súa agrupación? (Síntese mariscadora de Noia) | Resposta |
| | 1. Si ; 2. Non. 0. NS/NC | |

| | | |
|-----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| 3. | Sobre os furtivos e a tolerancia ao furtivismo | Resposta |
| | En que situacións pensa que o furtivismo pode ser tolerable (Sendo 1 Nunca e 5 Sempre) | |
| | 1. Nunca; 2. Case Nunca; 3. As veces; 4. Case Sempre; 5. Sempre; 0. NS/NC | |
| 3.1 | Desempregado/a | |
| 3.2 | Un turista que leva para autoconsumo | |
| 3.3 | Unha persoa con problemas de drogas | |
| 3.4 | Un furtivo coñecido que se gaña a vida co furtivismo | |
| 3.5 | Alguén da comunidade que leva "para o arroz" | |
| 3.6 | Profesionais do furtivismo que veñen a Noia a furtivar | |
| 3.7 | Algunha compañeira mariscadora que leva para autoconsumo | |
| 3.8 | Outro membro da confraría, mariscadores a flote, pescadores, etc | |
| 3.9 | Mariscadores/as doutras confrarías que invaden os seus bancos | |
| 3.10 | Algunha mariscadora da súa agrupación que leve para vender | |
| 3.11 | Familias que se organizan para practicar o furtivismo | |
| 3.12 | Grupos organizados de furtivos | |
| 3.13 | Quere engadir algún caso máis? Outro: _____ | |

| | | |
|----------|--------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| 4 | Pensa que o furtivismo cando é por necesidade pode ser aceptable? | Resposta |
| | 1. Si ; 2. Non. 0. NS/NC | |

| | | |
|----------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| 5 | Pensa que o furtivismo cando é practicado por alguén da comunidade, sabe quen é e coñece as súas circunstancias, é máis aceptable? | Resposta |
| | 1. Si ; 2. Non. 0. NS/NC | |

Anexo 2. Bancos explotación confraría de Noia.




Anexo: 3: Plan explotación confraría 2016



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MAR
 Dirección Xeral de Desenvolvemento
 Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños, s/n. Salgueiriños
 15701 Santiago de Compostela
 Teléfono 981 546 176 – Fax 981 546 138



| | | |
|---------------------------------------|--------------------|-------------------|
| Ano | 2016 | PE403A 2015/107-1 |
| Entidade | CONFRARÍA DE NOIA | |
| Plan explotación⁽¹⁾ | MOLUSCOS BIVALVOS | |
| Réxime⁽²⁾ | AUTORIZACION | |
| Modalidade⁽³⁾ | A PÉ E EMBARCACION | |

| | |
|--------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Especies | Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>) e comicha (<i>Spisula solida</i>) |
| Ambito do plan | Toda a zona de autorización |
| Subzonas de explotación | Enseada de Testal (MN-031), San Cosme (MN-032), Barquiña (MN-033), Pedras-Testal (MN-034), dentro da Barreira (MN-035), Picouso (MN-036), Misela I (MN-037), Misela II (MN-038), Mexilloeira (MN-039), Boa (MN-041), A Seca de Broña (MN-042), Praia de Broña (MN-043), Freixo (MN-045), Taboleiro (MN-046), Portosiavo (MN-047), Praia Testal (MN-084) e Escolleira (MN-085), ponte de Ceilán (MN-029), Saiñas-Corveiros (MN-030) |

| Participantes no plan de explotación | | |
|----------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Número de permex/persoas autorizadas | | |
| Mariscadoras/es a pé 440 (369 de Noia+71 de Muros) | Embarcacións 526 (428 de Noia+50 de Muros+24 de Porto do Son+24 de Portosín). | Tripulantes 1.076 |
| Ampliación do número de permisos⁽⁴⁾ | | |
| Mariscadoras/es a pé | Embarcacións | Tripulantes |
| - | - | - |

| Calendario de explotación | | | | | | | | | | | | |
|------------------------------------------------------------------------------------|-----|-----|-------|------|------|-------|--------|--------|-------|--------|-----|--|
| Días máximos de extracción | | 131 | | | | | | | | | | |
| Epoca y zona probable de extracción⁽⁵⁾ toda a zona autorización. | | | | | | | | | | | | |
| Modalidade⁽⁶⁾ a pé e embarcación | | | | | | | | | | | | |
| xan | feb | mar | abril | maio | xuño | xullo | agosto | setemb | outub | novemb | dec | |
| X | X | X | X | | | | | X | X | X | X | |

| Tops de captura ⁽⁸⁾ | | | |
|--------------------------------|-----------------------------------------|------------------------|------------------------------------------|
| Especies | A pé (Mariscadora/día) | Embarcación/día | Tripulante enrolado e a bordo/día |
| Berberecho | 25 kg | | 40 kg |
| Ameixa fina | 10 kg | | 10 kg |
| | 15 kg (decembro) | | 15 kg (decembro) |
| Ameixa babosa | 10 kg | | 10 kg |
| | 15 kg (decembro) | | 15 kg (decembro) |
| Ameixa xaponesa | 10 kg | | 10 kg |
| | 15 kg (decembro) | | 15 kg (decembro) |
| Comicha | Determinarase na resolución de apertura | | |

| | |
|-------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Artes a empregar | A pé: sachó, rastrillo ou angazo e gancha a pé ⁽⁷⁾ Dende embarcación: rastros ⁽⁷⁾ |
|-------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

(*) Os rastros dende embarcacións e as rañicas ou ganchas a pé terán unha separación entre varillas de 18 mm e lonxitude de dentes de 11 cm e lonxitude de platina de 43 cm para a extracción de ameixa, e cunha separación entre varillas de 20 mm e lonxitude de dentes de 6,5 cm e lonxitude de platina de 53 cm, para a extracción de berberecho